



## COANHADEIRA, gañadores do certame de música Folc RADIO OBRADOIRO



O grupo ourensán COANHADEIRA ven de proclamarse vencedor na fase final do IX Certame de Música Folc Radio Obradoiro. O teatro principal de Santiago de Compostela acolleu unha gala conducida por Paulo Gacio—director e presentador do programa radiofónico “En clave folc”, da emisora compostelá Radio Obradoiro, e mais Sandra Romero.



Os COANHADEIRA, que actuaron en último lugar o pasado venres, **terán así a oportunidade de gravar e editar de balde un traballo discográfico este ano**, no que a ben seguro estarán algunhas as pezas que interpretaron esa noite: Antela, O Fiadeiro, e Serán en Liñares, e que serviron para “conquistar” ao xurado, integrado por Ramón Feáns, histórico do panorama musical compostelán, integrante de grupos como Dríade, Ophiusa, Supersound; Xandra Tedín, presentadora do programa Miraxes da Televisión de Galicia; Benxamín Otero, profesor do Conservatorio Folque de Lalín, e Roberto Rama, integrante do grupo Fía na Roca e un representante da productora Abada. Deste certame teñen saído nestes últimos anos algúns dos novos valores do folc galego, como o grupo “Quempallou”, ou “BELLÓN & MACEIRAS”.

Un novo galardón a engadir á vitoria de Coanhadeira o ano pasado na sección folc do concurso “NSAIO” no camiño, concurso organizado pola Xunta de Galicia. Un recoñecemento ao sonido do grupo e á orixinalidade da súa proposta musical, e mais un empurrón importante na consolidación da súa traxectoria...

**A todos os que alí estiveron... MOITAS GRACIASSSS !!!!**

[WWW.COANHADEIRA.COM](http://WWW.COANHADEIRA.COM)



### O MAIESPEIS de COANHADEIRA

Visítanos e alí poderás escoltar e descargar de balde a nosa maqueta, estar ao día das últimas novidades do grupo...

<http://www.myspace.com/coanhadeira>